

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE SANIDADE E POLÍTICA SOCIAL

- 14338** *Real decreto 1371/2009, do 13 de agosto, polo que se modifica o Real decreto 1400/2007, do 29 de outubro, polo que se establecen normas para o recoñecemento do complemento aos titulares de pensión de xubilación e invalidez da Seguridade Social, na súa modalidade non contributiva, que residan nunha vivenda alugada, e se prorroga a súa vixencia para o ano 2009.*

A Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, no seu artigo 42.dous, establece para ese ano un complemento de pensión dirixido a aqueles pensionistas de xubilación e invalidez da Seguridade Social, na súa modalidade non contributiva, que acrediten fidedignamente carecer de vivenda en propiedade e residir, como residencia habitual, nunha vivenda alugada ao pensionista por propietarios que non teñan con el ou ela relación de parentesco ata o terceiro grao. Igualmente, establece que no caso de unidades familiares en que convivan varios perceptores de pensións non contributivas, só poderá percibir o complemento o titular do contrato de aluguer, ou, de seren varios, o primeiro deles.

O citado precepto da Lei 2/2008, do 23 de decembro, establece a contía do complemento para o ano 2009 e autoriza o Goberno a ditar as normas de desenvolvemento necesarias para regular o procedemento de solicitude, recoñecemento e aboamento do dito complemento, sen prexuízo de que este produza efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2009, ou desde a data de recoñecemento da pensión para aqueles pensionistas que vexan recoñecida a prestación durante 2009.

Polo Real decreto 1400/2007, do 29 de outubro, establecéronse as normas para o recoñecemento do complemento aos titulares de pensión de xubilación ou invalidez da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva, que residan nunha vivenda alugada, en uso da autorización contida no artigo 40.2 da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007.

Para o exercicio 2008, e coa finalidade de prorrogar a vixencia do Real decreto 1400/2007, do 24 de outubro, antes citado, aprobouse o Real decreto 1724/2008, do 24 de outubro, que se ditou en desenvolvemento do artigo 41.dous da Lei 51/2007, de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2008.

Por iso, tendo en conta o obxecto da autorización contida no artigo 42.dous da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, prorrogase a vixencia do Real decreto 1400/2007, co fin de regular os requisitos necesarios para ter dereito ao recoñecemento do complemento establecido para o ano 2009, así como o procedemento para a tramitación, recoñecemento e pagamento deste.

Esta norma foi sometida á consulta do Consello Estatal de Persoas Maiores e do Consello Nacional da Discapacidade.

Na tramitación do proxecto normativo cumpriuse o trámite de consulta ás comunidades autónomas e deputacións forais do País Vasco e Navarra.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación efectuada polo artigo 42.dous da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade e Política Social, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de agosto de 2009,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Prórroga do Real decreto 1400/2007, do 29 de outubro, polo que se establecen normas para o recoñecemento do complemento aos titulares de pensión de xubilación e invalidez da Seguridade Social, na súa modalidade non contributiva, que residan nunha vivenda alugada, para o ano 2009.*

Queda prorrogada a vixencia do Real decreto 1400/2007, do 29 de outubro, polo que se establecen normas para o recoñecemento do complemento aos titulares de pensión de xubilación e invalidez da Seguridade Social, na súa modalidade non contributiva, que residan nunha vivenda alugada, co fin de regular o complemento de pensión establecido na Lei de orzamentos xerais do Estado a favor dos pensionistas non contributivos que acrediten carecer dunha vivenda en propiedade e teñan fixada a súa residencia habitual nunha vivenda alugada. As referencias ao ano 2007 contidas no devandito real decreto entenderanse feitas ao ano en curso.

**Disposición transitoria primeira.** *Contía do complemento para o ano 2009.*

A contía do complemento, para o ano 2009, correspóndese coa establecida no artigo 42.dous da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, que ascende a 425 euros.

**Disposición transitoria segunda.** *Solicitud.*

Os pensionistas non contributivos que teñan fixado o seu domicilio habitual nunha vivenda alugada deberán presentar, para os efectos do recoñecemento do dereito a este complemento, para o ano 2009, a correspondente solicitude, en modelo normalizado, que se xunta como anexo a este real decreto e que se poderá descargar da páxina web do Instituto de Maiores e Servizos Sociais: [www.seg-social.es/imserso](http://www.seg-social.es/imserso).

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 13 de agosto de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade e Política Social,  
TRINIDAD JIMÉNEZ GARCÍA-HERRERA



## SEGURIDADE SOCIAL

## ANEXO

## SOLICITUDE DE COMPLEMENTO PARA TITULARES DE PENSIÓN NON CONTRIBUTIVA QUE RESIDAN NUNHA VIVENDA ALUGADA

## I. DATOS PERSOAIS DO PENSIONISTA

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	Número DNI/NIE
ENDEREZO (Rúa/Praza)		Nº Bloque Escaleira Piso Porta	CÓDIGO POSTAL
LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO	

## II. DATOS SOBRE O DOMICILIO DO PENSIONISTA

¿A vivenda que vostede sinalou como domicilio no punto anterior é alugada? SI  NON

¿Desde que data ten fixada a súa residencia habitual na dita vivenda? Indique a data: Día Mes Ano...

¿É vostede propietario doutra vivenda? SI  NON

Se a resposta é afirmativa, indique os seguintes datos sobre a localización desouta vivenda:

Localización da outra vivenda (Rúa/Praza)	Nº Bloque Escaleira Piso Porta	CÓDIGO POSTAL E LOCALIDADE
---	--------------------------------	----------------------------

## III. DATOS SOBRE O CONTRATO DE ALUGUER

¿É vostede o titular do contrato de aluguer?

Se a resposta é afirmativa, indique os seguintes datos

Data de formalización do contrato de aluguer

Data de vencemento do contrato de aluguer

¿Existen outros titulares no contrato de aluguer?

Se a resposta é afirmativa, indique os seguintes datos sobre os outros titulares:

SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>		
Día	Mes	Ano

SI  NON

Número DNI/NIE	Nome e apelidos	¿Ten recoñecida unha pensión non contributiva? (indique Si ou Non)

## IV. DATOS SOBRE O ARRENDADOR DA VIVENDA ALUGADA

APELIDOS/RAZÓN SOCIAL	NOME	Número DNI/NIE/CIF
ENDEREZO (Rúa/Praza)		Nº Bloque Escaleira Piso Porta
CÓDIGO POSTAL		
LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO

¿Ten vostede algunha relación de parentesco co arrendador da vivenda alugada? SI  NON

Se a resposta é afirmativa, marque cun  cal é a relación de parentesco:

Pai/Nai <input type="checkbox"/>	Fillo/a <input type="checkbox"/>	Avó/Avoa <input type="checkbox"/>	Neto/a <input type="checkbox"/>	Irmán/á <input type="checkbox"/>	Tío/a <input type="checkbox"/>
Sogro/a <input type="checkbox"/>	Xenro/Nora <input type="checkbox"/>	Bisavó/Bisavoa <input type="checkbox"/>	Bisneto/a <input type="checkbox"/>	Cuñado/a <input type="checkbox"/>	Sobriño/a <input type="checkbox"/>

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que son certos os datos consignados nesta solicitude e autorizo  / non autorizo \* (marque cun X a súa opción) a que se obteña certificación acreditativa de propiedades na oficina virtual do Catastro e sobre o seu domicilio no padrón municipal, así como noutros ficheiros públicos para acreditarlos.

En....., o ..... de ..... de 200

Asinado

DOCUMENTOS QUE SE DEBEN XUNTAR Á SOLICITUDE

1. Fotocopia compulsada do documento que acredita a representación cando a solicitude a subscriba persoa distinta do beneficiario pensionista non contributivo.
2. Fotocopia compulsada do contrato de arrendamento, ou outro medio de proba válido en dereito (recibos, facturas, etc.) en que obrigatoriamente debe figurar a localización da vivenda.

Nota.- As compulsas poderanse efectuar ao presentar a solicitude, xuntando os orixinais dos documentos.

(\*) Se a opción marcada se corresponde con "non autorizo", ademais dos documentos indicados nos puntos 1 e 2, xunto coa solicitude deberá achegar a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa de propiedades expedida pola Dirección Xeral do Catastro.
- Certificado de empadramento expedido polo concello en que vostede teña fixado o seu domicilio.